

IES MARIA SARMIENTO. VIVEIRO

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

TERCEIRO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA ADULTOS

ANO ACADÉMICO: 2018/19

ÍNDICE

1. GLOSARIO

2. CONTEXTO

: Centro

: Alumnado:

: Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

5. METODOLOXÍA

: Outras decisións metodolóxicas

6. AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Avaliación continua

Avaliación final [Só para ESO e bacharelato]

Avaliación extraordinaria [Só para ESO e bacharelato]

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias e extraordinarias

8. REFERENCIAS NORMATIVAS

1. GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar “ o valor ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a.
OUTROS ASPECTOS	

Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
Nivel de desempeño das competencias	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: XHB1.1.2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

No portal de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce>) están dispoñibles, en formato doc e desagregados por áreas:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

2.CONTEXTO

- **Centro:**

Situación

Está situado no concello de Viveiro, que é un concello do norte da provincia de Lugo pertencente á Comarca da Mariña Occidental. Ten unha poboación de máis de 16.000 habitantes distribuída nas seguintes Parroquias: Santa María e Santiago (6.160 habitantes, 5.9 Km²), Santiago de Celeiro (2.048 habitantes, 4.5 Km²), Santa María de Galdo (648 habitantes, 18.5 Km²), San Xoán de Covas (3.320 habitantes, 13.2 Km²), San Xiao de Landrove (367 habitantes, 3.8 Km²), Santa María de Magazos (72 habitantes, 10.9 Km²), Santa María de Chavín (304 habitantes, 9.1 Km²), San Cibrao de Vieiro (663 habitantes, 3.7 Km²), San Pedro (402 habitantes, 2.8 Km²), San Xiao de Area-Faro (185 habitantes, 4.7 Km²), Santo André de Boimente (194 habitantes, 19.9 Km²) e San Estevo de Valcarría (146 habitantes, 9.3 Km²).

No tocante á situación socioeconómica do alumnado, dicir que a maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano do Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos de O Vicedo, Ourel, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

Centros adscritos

- (a) CEIP Pedrosa Latas de Celeiro
- (b) CEIP do Vicedo
- (c) CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo

Ensinanzas que oferta o centro

Dentro do réxime xeral:

- (a) Educación Secundaria Obrigatoria cos dous Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento, un en 2º da ESO de dous anos académicos e outro en 3º da ESO dun ano académico.
- (d) Programas de Formación profesional básica de Mantemento de vehículos e de Servizos administrativos.
- (e) Ciclos formativos de grao medio: Xestión Administrativa, Soldadura e Caldeirería, Instalacións eléctricas e automáticas, Carrozaría e Electromecánica de vehículos.
- (f) Ciclos formativos de grao superior: Administración e Finanzas e Instalacións Electrotécnicas.
- (g) Bacharelatos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

Dentro do réxime de ensinanzas de adultos

- (b) ESA Nivel III, módulos I, II, III e IV
- (c) Ciclos formativos de Xestión Administrativa modular
- (d) Bacharelatos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

Características singulares

O I.E.S. María Sarmiento é un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por cinco edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

Está composto polos seguintes edificios:

- (a) EDIFICIO A: Administración do centro, sala de profesores, despachos directivos e aulas de Administración e de ESO, Informática, laboratorio de ciencias e aula de tecnoloxía.
 - (b) EDIFICIO B: Biblioteca, aulas de informática, aulas de ESO, laboratorio de física e química, sala de alumnos.
 - (c) EDIFICIO C: Aula de música, aulas de ESO, tecnoloxía de Bacharelato, PGS, plástica, e talleres dos ciclos de electricidade e de mantemento de vehículos.
 - (d) EDIFICIO D: Aulas de ESO, talleres de soldadura e aula técnica, taller de carrozaría e aula técnica.
 - (e) EDIFICIO E: Aulas de bacharelato, cociña, comedor escolar.
- O Centro dispón de comedor escolar
 - O alumnado dispón de transporte escolar
 - O número de alumnos supera os 750 estudantes neste curso

• Alumnado:

1. Poboación inmigrante

No presente curso hai un total de 29 alumnas e alumnos con nacionalidade non española, repartidos da seguinte forma (datos a 1/11/2018):

Nacionalidade	Nº de estudantes
Alxeriana	2
Arxentina	1
Brasileira	5
Británica	1
Dominicana	8
Peruana	1
Portuguesa	2
Romanesa	7
Uruguai	2

2. Estatística de matrícula

Ensinanza	Quenda	Grupo	Mulleres	Homes	Total
1º Ensinanza secundaria obrigatoria	Xornada partida	A	13	11	24
	Xornada partida	B	13	12	25
	Xornada partida	C	12	13	25
2º Ensinanza secundaria obrigatoria	Xornada partida	A	9	12	21
	Xornada partida	B	8	13	21
	Xornada partida	C	8	13	21
	Xornada partida	D	13	6	19
2º Ensinanza secundaria obrigatoria PMAR	Xornada partida	D	4	2	6
3º Ensinanza secundaria obrigatoria	Xornada partida	A	15	4	19
	Xornada partida	B	9	10	19
	Xornada partida	C	7	10	17
3º Ensinanza secundaria obrigatoria PMAR	Xornada partida	C	3	4	7
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas académicas	Xornada partida	A	18	6	24
	Xornada partida	B	11	13	24
	Xornada partida	C	8	6	14
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas aplicadas	Xornada partida	C	5	5	10
1º Bacharelato Ciencias	Xornada partida	B	12	12	24
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	Xornada partida	A	9	5	14
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	Xornada partida	A	5	4	9
2º Bacharelato Ciencias	Xornada partida	A	3	2	5
	Xornada partida	B	18	12	30
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	Xornada partida	A	7	5	12
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	Xornada partida	A	8	4	12
(A)-1º Bacharelato Ciencias	Nocturno	A	3	7	10
(A)-2º Bacharelato Ciencias	Nocturno	A	4	6	10
(A)-2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	Nocturno	A	8	5	13
1º Administración e finanzas	Xornada partida	A	13	8	21
1º Automoción	Xornada partida	A	1	19	20
1º Electromecánica de vehículos automóbiles	Xornada partida	A	2	18	20
1º Instalacións eléctricas e automáticas	Xornada partida	A	3	6	9
1º Mantemento de vehículos	Xornada partida	A	0	16	16
1º Servizos administrativos	Xornada partida	A	13	3	16
1º Sistemas electrotécnicos e automatizados	Xornada partida	A	0	24	24
1º Soldadura e caldeiraría	Xornada partida	A	0	23	23
1º Xestión administrativa	Xornada partida	A	11	6	17
2º Administración e finanzas	Xornada partida	A	9	3	12
	Xornada partida	B	1	0	1
2º Carrozaría	Xornada partida	A	0	5	5
	Xornada partida	B	0	3	3
2º Electromecánica de vehículos automóbiles	Xornada partida	A	2	5	7

	Xornada partida	B	0	6	6
--	-----------------	---	---	---	---

Ensinanza	Quenda	Grupo	Mulleres	Homes	Total
2º Instalacións eléctricas e automáticas	Xornada partida	A	0	8	8
	Xornada partida	B	0	1	1
2º Mantemento de vehículos	Xornada partida	A	0	10	10
2º Servizos administrativos	Xornada partida	A	6	5	11
	Xornada partida	B	1	0	1
2º Sistemas electrotécnicos e automatizados	Xornada partida	A	0	7	7
2º Soldadura e caldeiraría	Xornada partida	A	2	13	15
	Xornada partida	B	0	3	3
2º Xestión administrativa	Xornada partida	A	9	1	10
(A)-Sistemas electrotécnicos e automatizados	Nocturno	X	0	3	3
(A)-Xestión administrativa	Nocturno	A	17	6	23
	Nocturno	B	3	2	5
	Nocturno	X	1	0	1
(A)-ESO Módulo 1 (1º Cua.)	Nocturno	A	5	7	12
(A)-ESO Módulo 3 (1º Cua.)	Nocturno	A	16	14	30
	Nocturno		1	0	1
(A)-ESO Módulo 4 (2º Cua.)	Nocturno	A	0	1	1
			349	428	777

• Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito
- o Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UD / Tema / Prox.	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS		Material de ref.	Temporalización	
		Contido		Mes	Sesiós
		BLOQUE 1: A HISTORIA			
1	B1.1.	A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	PÁX WEB	SET OUT	24
	B1.2.	▪ O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.			
	B1.3.	▪ Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.			
	B1.4.	▪ Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia.			
2	B1.5.	▪ A Revolución Industrial.			
	B1.6.	Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo.			
	B1.7.	▪ Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.			
3	B1.8.	▪ A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxe do colonialismo.		NOV DEC	24
	B1.9.	▪ O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.			
4	B1.10.	▪ A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxe dos fascismos.			
	B1.11.	▪ A Segunda Guerra Mundial (1939- 1945).			
5	B1.12.	▪ O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.			
		BLOQUE 2: ECONOMÍA			
6	B2.1.	Ingresos e gastos. Identificación e control. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	XAN	16	
	B2.3.	▪ Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.			
	B2.4.	▪ Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.			
	B2.5.	▪ Risco e diversificación.			
	B2.6.	▪ O diñeiro			
	7	B2.7.			- Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.
B2.8.		Relacións no mercado financeiro: información e negociación.			
B2.9.		▪ Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as			
B2.10.		▪ O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.			

4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

TEMA	Contidos	Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaxe	Competencia clave	Grao mínimo consecución	INSTRUMENTOS					
						Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno clase	Rúbrica
Bloque 1: Historia											
1	B1.1. A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1	B1.1.1. Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia cultural, social, política e económica.	CSC CCEC CAA	50						100%
			B1.1.2. Valora o alcance da Ilustración e da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.	CSC CMCCT CAA	80			70%			
			B1.1.3. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan discriminación de calquera tipo.	CSC CCEC	100						100%
	B1.2. O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2.	B1.2.1. Narra de xeito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes	CSC CAA CCL	100	30%					
	B1.3. Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3.	B1.3.1. Analiza as relacións entre reinos europeos que conduciron ás guerras.	CSC CCL	50						100%
2	B1.5. A Revolución Industrial.	B1.5.	B1.5.1. Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	CSC CAA CCL	50				70%		
			B1.5.2. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países.	CSC CMCCT	100	30%					
			B1.5.3. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.	CSC CMCCT CAA	80		30%				
			B1.5.4. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	CSC CAA	80						
1	B1.6. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6	B1.6.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC CAA CCL	100	30%					
			B1.6.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.		100						100%

2	B1.7. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7.	B1.7.1. Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CD CAA	50			70%					
			B1.7.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	CSC CCEC	50			70%					
			B1.7.3. Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.	CSC CCEC CCL	70			70%					
3	B1.8. A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxe do colonialismo.	B1.8.	B1.8.1. Razona a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas supranacionais.	CSC CAA CCL	70	30%							
			B1.8.2. Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.		80	30%							
	B1.9. O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9. Explicar os	B1.9.1. Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.		70			70%					
			B1.9.2. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.		100	30%							
4	B1.10. A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxe dos fascismos.	B1.10.	B1.10.1. Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia verbo dos procesos máis importantes do período de Entreguerras.	CSC CD CAA	50							100%	
			B1.10.2. Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	CSC CAA CCL CMCCT	80			70%					
			B1.10.3. Valora a loita da muller no movemento sufraxista.	CSC CAA	100			70%					
			B1.10.4. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	CSC CAA CCL	100	30%							
	B1.11. A Segunda Guerra Mundial (1939- 1945).	B1.11.	B1.11.1. Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	CSC CD CAA CCL	70								100%
			B1.11.2. Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial.	CSC CCL CAA	70			70%					
			B1.11.3. Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	CSC CD CAA CCL	80			70%					
			B1.11.4. Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.	CSC CCEC CD CCL	100			70%					
5	B1.12. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.	B1.12.	B1.12.1. Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.	CSC CCL CAA	100	30%							
			B1.12.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.		100	30%							

TEMA	Contidos	Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaxe	Competencia clave	Grao mínimo consecución	INSTRUMENTOS						
Bloque 2: Economía												
	B2.1. Ingresos e gastos. Identificación e control.	B2.1.	B2.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT	100			100%				
						Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno clase	Rúbrica	Observ aula

6	B2.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.		B2.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.		100			100%					
			B2.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.		80			100%					
	B2.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B2.2.	B2.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE	100							100%	
	B2.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B2.5. Risco e diversificación.	B2.3.	B2.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC	100								100%
			B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.		100							100%	
7	B2.6. O diñeiro.	B2.4.	B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT	100			100%					
	B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.		B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD	100			100%					
	B2.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.		B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD	100				100%				
	B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.		B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT	100				100%				
	B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B2.5.	B2.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT	80				100%				

LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

LENDAS TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria.

5.METODOLOXÍA

Aspectos xerais

Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ós feitos e procesos histórico-xeográficos, combinaranse metodoloxías integradoras acordes ó principio de aprendizaxe construtiva. Os contidos traballaranse gradualmente, partindo da competencia inicial do alumnado reflectida na avaliación inicial, priorizando as actividades de tipo procedemental, especialmente no comezo do curso, para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo. O enfoque estará claramente orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Coa finalidade de conseguir eses obxectivos potenciaremos as actividades participativas, aquelas nas que o alumnado teña que esforzarse por usar a súa capacidade de análise, imaxinación e cooperación. Combinaremos, polo tanto, o traballo cooperativo co traballo individual, sen esquecer a diversidade presente na aula, con alumnos de diversas capacidades e ritmos de aprendizaxe. As TIC tamén estarán presentes na aula medida en que os recursos o permitan.

Estratexias metodolóxicas

- Organización dos contidos por medio de esquemas e síntesis, o máis sinxelo, ata lograr a realización de organigramas e mapas conceptuais
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informática...)
- Resolución de problemas diversos a través de debates, argumentacións
- Simulacións.
- Creación de material TIC por parte do alumnado

Exemplo de secuenciación de traballo na aula

Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que promovan o interese
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
 - explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións, audiovisuais,... para unha mellor reconstrución conceptual histórica
 - subliñado de ideas-eixe que vertebran de xeito coherente a evolución e os cambios en aspectos fundamentais
 - desenvolvemento temático de carácter acumulativo e progresivo. Cada nova unidade se sustenta no traballado anteriormente.
 - tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de fomentar os procedementos de indagación e comprensión
 - fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación, a criterio do profesorado

Traballo persoal:

- Comprensión de conceptos e contidos clave
- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.

Para a presentación de cadernos e traballos o alumnado deberá seguir as seguintes indicacións

CADERNO DE TRABALLO

- Será tipo dossier, específico da materia.
- A primeira folla, a portada, incluirá o nome da materia e nome e curso do alumno
- As follas serán con cuadrícula e iguais en tamaño (preferiblemente A4). Non se admitirán follas arrancadas de libreta.
- As follas levarán número de páxina, o que se fará a medida que se precise (non antes). De ter que intercalar follas, estas levarán o número da páxina anterior e a palabra *bis*.
- Cada tema comezará en folla diferente e estará encabezada polo título.
- Os contidos estarán diferenciados claramente baixo epígrafes distintos:
 - Exercicios. Indicarase o título e o nº de páxina, deixando un pequeno espazo libre para posibles correccións.
 - Apuntamentos.
 - Dicionario.
- Presentación. Á hora de escribir non se pode esquecer:
 - Deixar os marxes precisos
 - Non se permite empregar lapis (agás nas gráficas) ou *tippex* para as correccións
 - Uso de cores. Utilizar negro ou azul, só se poderán empregar outras cores para destacar títulos, epígrafes,... pero de facelo hase manter a norma para todo o caderno.
 - A lingua utilizada será a galega

TRABALLOS

Empregar sempre a lingua galega

- Escritos con procesador de textos, a máquina ou man. Neste caso coidar a caligrafía.
- Xustificar os parágrafos
- Deixar marxes: 3 cm arriba, 2 cm abaixo, a dereita e a esquerda
- Elaborar unha portada que recolla:
 - Título do traballo (en maiúsculas)
 - Nome e apelidos, curso do autor (se son varios, colocaranse por orde alfabético do primeiro apelido)
 - Ano académicoEstes dous últimos datos irán preferiblemente no lado inferior dereito
- Engadir unha contraportada en branco
- Numerar as páxinas, comezando despois da contraportada
- A primeira folla levará o índice. Incluirá os apartados e o seu número de páxina
- De se incluír imaxes, han levar pé en alusión ós contidos tratados e a fonte
- Non se admiten tachaduras ou tippex
- Na derradeira folla, antes da contraportada, irá a bibliografía: libros, revistas, prensa,... O xeito correcto das referencias bibliográficas é como segue:
 - Bibliografía de formato papel:
Libros:
Autor/s (separados por punto e coma) comezando polos apelidos. Título (subtítulo se o hai), sempre en cursiva. Editorial, cidade, data.
Exemplo: Jakson, G. "*La República española y la guerra civil*". Editorial Crítica, Barcelona, 1976

Enciclopedias: ao tratarse dunha colección indicaremos o número de volumes e o número do/s utilizados
Exemplo: "*Historia Universal del Arte*". Volume 3. Editorial Planeta, Barcelona, 1.990. 10 volumes

Artigos de prensa ou revistas:
Autor. Título do artigo. Título da publicación, páxina e data.
Exemplo: Ambrós, I.. "*La creación de una zona de libre cambio con EE.UU. divide a la UE*". *La Vanguardia*, páx 10, 1995.

▪ Bibliografía de formato dixital, sexa en liña, CD-rom ou DVD: Título. Autor. Data.
Páxina web, engadiremos a dirección.
Exemplo: *Biblioteca Nacional. Exposiciones virtuales. Cartografía española de los siglos XVI a XIX.*
<http://www.bne.es/esp/cartografia-fra.htm>
- Unha cita textual, ha ir entrecomillada e relacionada cunha chamada a pé de páxina por medio dun número (en superíndice ¹). No pe da páxina indicamos o documento do que procede a cita, sinalando o número de páxina.
En determinadas circunstancias será posible entregar o traballo en soporte dixital (disquete, CD), remitido por correo ou insertado no blog.

• Outras decisións metodolóxicas

- Agrupamentos:

Non se prevén agrupamentos especiais na aula agás os necesarios para realizar traballos grupais cando o profesorado o decida ou o teña sinalado na programación de cada curso. Para este tipo de traballos grupais seguiranse as indicacións inherentes a esta metodoloxía pedagóxica

- **Espazos:**

As clases se desenvolveranse na Aula Específica de cada grupo, nas Aulas Informáticas, na Biblioteca, nas áreas destinadas a Exposicións Temporais e noutras áreas determinadas do Centro educativo que, por unha ou outra causa, sexan axeitadas en cada momento.

- **Materiais e recursos didácticos:**

Como recurso principal, o libro de texto utilizado é o da Editorial Anaya (o alumnado e o profesorado dispoñen deste libro tamén en versión dixital. As páxinas web elaboradas polo profesorado serven, asimesmo de base metodolóxica.

Por outro lado para a comprensión dos temas serán necesarios:

- Mapamundi. Non podemos construír un coñecemento sobre o marco xeográfico mundial se temos problemas á hora de situar poboacións ou rexións
- Fontes documentais históricas e historiográficas seleccionadas polo profesor
- Prensa
- Imaxes. Diapositivas, fotografías, debuxos, planos, tanto do libro de texto como procedente doutras fontes, aportados polo profesor, buscados polos alumnos, consultados en Internet ou na biblioteca. Consideramos que o uso de imaxes axuda a fixar coñecementos, sobre todo cando se trata de estudar un marco temporal e cultural tan dilatado
- Gráficas, mapas históricos ou temáticos, moitos deles realixados polos propios alumnos a través das ferramentas TIC
- Para determinadas actividades precisarase ordenador con acceso a internet (busca de información, realización de exercicios, exposicións de PowerPoint, etc.)
- Proxector e pantalla

Os grupos contan coa súa propia aula na que se dispón do material informático preciso (pizarra dixital, proxector e ordenador)

6.AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Data prevista de realización

Ao longo da primeira semana do curso

Proba (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficos... relacionados cos estándares, etc.)

- Descrición do tipo de proba:

Constará de preguntas tipo test, preguntas de respostas curtas, breve comentario de gráficos ou textos, relacionado cos estándares . Para coñecemento de capacidades e contidos básicos previos que permitisen unha boa asimilación dos novos contidos presentes no curso

Mecanismo para informar ás familias

Os resultados serán comunicados á Titoría a través da sesión de pre-avaliación que se realiza en outubro. No caso de detectar carencias significativas comunicariase coa familia do alumno e o Departamento de Orientación coa maior brevidade posible

Consecuencias dos resultados da proba

A nivel académico, sen valor

Avaliación continua

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

As probas escritas soamente representan unha parte da nota do alumnado. Realizaranse entre unha e dúas por curso segundo a programación de cada grupo, que ten en conta o número de estándares, o nivel do grupo e os criterios do profesorado. De acordo con estes dous derradeiros criterios, o número de probas pode variar, independentemente do sinalado na programación inicial, cambios que serán oportunamente reflectidos nas Actas de Departamento.

O número de traballos individuais e doutros mecanismos de avaliación será do mesmo xeito, variable. Os traballos serán realizados na aula, non sendo recollidas actividades realizadas na casa agás en casos excepcionais aprobados polo profesorado; estes traballos feitos fóra da aula non poderán superar, en ningún caso, o 30% do total.

En todo caso, o alumnado que non puidera realizar o exame na data prevista deberá entregar un xustificante médico para poder facer o dito exame en outra data diferente á programada. Os traballos individuais que non foran realizado durante o período lectivo terán, asimesmo, data de entrega.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Nota media ponderada, segundo as porcentaxes aprobadas para cada estándar, e redondeo final

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

Aspectos a ter en conta: atención, esforzo, participación, interese, puntualidade, autonomía e cooperación

O instrumento de recollida de datos será o caderno do profesor

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Media aritmética das tres avaliación e redondeo final

Mecanismo/s para recuperar una ou avaliación proba non superada

Proba en xaneiro para avaliar os estándares sinalados na programación cun grao mínimo de consecución do 80%

Descrición do tipo de proba: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba será similar ás do curso en función dos estándares
Avaliaranse aqueles estándares indicados cun grado mínimo de consecución superior a 80

Como se calcula a cualificación

100% da nota da proba

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <ul style="list-style-type: none"> a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. Non, ao longo deste curso, ao non cusar a nosa materia ningún alumno cunhas necesidades específicas que así o esixisen b) Espazos diferenciados. Non se contemplan c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. O Departamento ten elaborado materiais diferenciados para alumnos que requiran reforzo (dous este ano) por ter dificultades para acadar os contidos mínimos. Material suplementario para alumnos que superen con facilidade eses contidos mínimos non son proporcionados este curso • Desdoblamento de grupos. Non • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. Reforzo con materiais específicos 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. Non para este curso • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. Non se contemplan para este curso • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. O especificado no apartado alumnado con materia pendente do curso anterior • Programa específico para alumnado repetidor da materia. Non se contempla dita posibilidade • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia. Non se contempla dita posibilidade

Medidas extraordinarias

Organizativas

- Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.
- De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).
- De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).
- Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

Curriculares

- Adaptacións curriculares na materia.
Cada alumno con adaptación Curricular ten o seu propio currículo, elaborado polo profesorado do Departamento, en colaboración co profesorado PT
- De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.
- Alumnado con flexibilización na escolarización.
- Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.
 - ✓ Consultas periódicas
 - ✓ Posta en común durante as avaliacións trimestrais
 - ✓ Fichas individualizadas de rendemento

8. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- ORDE do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.